



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO CELEBRADA O
DÍA 23 DE FEBREIRO DE 2006.**

ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. MARCOS BLANCO JORGE

Concelleiros/as:

D. JOSÉ IGNACIO GÓMEZ PÉREZ
(PSOE)

D^a. MANUELA IGLESIAS
COLLARTE (PSOE)

D. CONSTANTINO AREDA VIDAL
(PSOE)

D. JAVIER IGLESIAS SENDÍN
(PSOE)

D. FRANCISCO XABIER CARREIRA
SEBIO (BNG)

D^a LUISA DEL CARMEN
ESCUADERO CENTRÓN (BNG)

D. CELSO SOTELO BARROSO (PP)

D. BRAULIO EXPÓSITO SOBRINO
(PP)

D. SECUNDINO RODRÍGUEZ
GÓMEZ (PP)

D. JULIO DABARCA CUIÑAS (PP)

D^a MARÍA MARTÍNEZ ABAL (PP)

D. CARLOS A. PINAL HERMIDA
(PP)

No Salón de sesións da Casa do Concello de Ribadavia, sendo as 20:00 horas do día VINTETRÉS de FEBREIRO de 2006 reúnese en sesión ordinaria e primeira convocatoria, o Concello Pleno, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, coa asistencia dos Sres./as. Concelleiros/as relacionados na marxe, actuando como Secretario, Patricia Hernández Estévez, asistindo o responsable do departamento de Intervención, Vicente Soto Rodríguez.

Secretario Xeral:

Patricia Hernández Estévez

Interventor:

Vicente Soto Rodríguez

Comprobada a existencia de quórum suficiente para a válida celebración da sesión, o Sr. Presidente declara aberto o acto e, seguidamente procédese ao análise dos puntos da orde do día.

1.-APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA ÚLTIMA SESIÓN CELEBRADA, QUE FOI A DO 26 DE XANEIRO PASADO (ORDINARIA).

Pola Presidencia pregúntase aos asistentes se existe algunha obxección á acta do 26 de Xaneiro de 2006, ao que se lle resposta que non, quedando aprobada por unanimidade.

2.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS

De acordo co establecido no artigo 42 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, e o artigo 22.2 a) da Lei 7/85 , do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime local, o Concello Pleno queda enterado das resolucións de Alcaldía ditadas dende a sesión anterior, e que se relacionan de seguido:

Do 12 de decembro, unha, sobre aboamentos.

Do 16 de decembro, unha, sobre aboamentos.

Do 19 de decembro, unha, sobre aboamentos.

Do 20 de decembro, unha, sobre aboamentos.

Do 21 de decembro, unha, sobre aboamentos.

Do 22 de decembro, unha, sobre aboamentos.

Do 23 de decembro, unha, sobre aboamentos.

Do 24 de decembro, unha, sobre aboamentos.

Do 26 de decembro, unha, en materia de asuntos fiscais (I.V.T.M, Lixo, IBI).

Do 27 de decembro, cinco, tres sobre aboamentos e dúas sobre contratación de persoal para realización de servizos municipais.

Do 28 de decembro, tres, dúas sobre aboamentos e outra sobre contratación de persoal para realización de servizos municipais.

Do 29 de decembro, tres, unha sobre aboamentos, outra sobre expediente destinado ó restablecemento da legalidade urbanística e outra sobre materia de obras e outras da súa competencia.

Do 30 de decembro, tres, unha sobre aboamentos, outra sobre contratación de persoal para realización de servizos municipais e outra sobre convocatoria a Xunta de Goberno Local.

Do 31 de decembro, unha, sobre aboamentos.

Do 2 de xaneiro, tres, unha en materia de asuntos fiscais (I.V.T.M, Lixo), outra sobre expediente destinado ó restablecemento da legalidade urbanística e outra sobre materia de obras e outras da súa competencia.

Do 4 de xaneiro, unha, sobre expediente destinado ó restablecemento da legalidade urbanística.

Do 5 de xaneiro, tres, unha en materia de obras e outras da súa competencia, outra sobre concesión de licenza para realizar obras nun inmovible e outra sobre convocatoria a Xunta de Goberno Local.

Do 11 de xaneiro, unha, sobre materia de obras e outras da súa competencia.

Do 12 de xaneiro, unha, sobre convocatoria a Xunta de Goberno Local.

Do 13 de xaneiro, unha, sobre arquivo de expediente sobre concesión de licenza.

Do 16 de xaneiro, sete, unha sobre materia de asuntos fiscais (I.V.T.M, Lixo, Fraccionamento pago débedas, Taxa ocupación da vía pública) e seis sobre Convocatoria a Xuntanza de Comisión Informativa (Cultura e Educación, Contas e Facenda, Urbanismo, Obras Públicas e Infraestruturas, Servizos Municipais, Servizos Sociais).

Do 17 de xaneiro, unha, sobre aboamentos.

Do 18 de xaneiro, unha, sobre aboamentos.

Do 19 de xaneiro, unha, sobre aboamentos.

Do 20 de xaneiro, unha, sobre aboamentos.

Do 23 de xaneiro, tres, unha sobre recoñecemento de trienios a don Manuel Vázquez Gregorio, outra en materia de asuntos fiscais (Lixo) e outra sobre aboamentos.

Do 24 de xaneiro, dúas, unha sobre resolución de contratación dun técnico local de emprego e outra sobre aboamentos.

Do 25 de xaneiro, tres, unha sobre arquivo dun expediente de reposición da legalidade urbanística e dúas sobre aboamentos.

Do 26 de xaneiro, dúas , sobre aboamentos.

Do 27 de xaneiro, tres, dúas sobre aboamentos e outra sobre convocatoria a Xunta de Goberno Local.

Do 30 de xaneiro, tres, unha sobre materia de obras e outras da súa competencia , outra en materia de asuntos fiscais (I.V.T.M, Lixo , I.A.E) e outra sobre aboamentos.

Do 31 de xaneiro, dezasete, unha sobre aboamentos, outra sobre expediente destinado ó restablecemento da legalidade urbanística, outra sobre arquivo de expediente sobre información urbanística dun inmovible e catorce sobre arquivo de expediente de concesión de licencias.

Do 1 de febreiro, dúas, unha sobre contratación de persoal para realización de servizos municipais e outra sobre aboamentos.

Do 2 de febreiro, tres, unha sobre convocatoria a Xunta de Goberno Local e dúas sobre aboamentos.

Do 3 de febreiro, unha, sobre aboamentos.

Do 4 de febreiro, unha, sobre aboamentos.

Do 6 de febreiro, dúas, sobre aboamentos.

Do 7 de febreiro, tres, unha sobre contratación de persoal para realización de servizos municipais, outra en materia de obras e outras da súa competencia e outra sobre aboamentos.

Do 9 de febreiro, dúas, unha sobre arquivo de expediente de concesión de licenza de apertura e outra sobre aboamentos.

Do 10 de febreiro, seis, dúas sobre arquivo de expediente de concesión de licencias,outra sobre convocatoria a Xunta de Goberno Local, outra sobre concesión de tarxetas magnéticas para acceso ao núcleo histórico, outra sobre recurso de reposición e outra sobre aboamentos.

Do 13 de febreiro, cinco, dúas sobre Convocatoria a Xuntanza de Comisión Informativa (Contas e de Facenda, Servizos Sociais), dúas sobre aboamentos e outra sobre paralización de obra.

Do 14 de febreiro, seis, catro sobre Convocatoria a Xuntanza de Comisión Informativa (Obras públicas e Infraestruturas, Servizos Municipais,Urbanismo, Cultura e Educación) e dúas sobre aboamentos.

Do 15 de febreiro, unha, sobre aboamentos.

Do 16 de febreiro, tres, dúas sobre arquivo de expediente de concesión de licencias e outra sobre aboamentos.

Do 17 de febreiro, dúas, unha en materia de obras e outras da súa competencia e outra sobre convocatoria a Xunta de Goberno Local.

Do 20 de febreiro, dúas, unha sobre aboamentos e outra sobre Convocatoria a Pleno.

3.- DACIÓN DE CONTA DOS EXPEDIENTES DE XERACIÓN E INCORPORACIÓN DE CRÉDITOS DA ANUALIDADE 2005.

Polo Presidente dáse conta aos membros do Pleno dos seguintes expedientes de xeración e incorporación de créditos da anualidade 2005:

1. Expediente de Incorporación de créditos 1/2005, por importe de 958.180,07 €.
2. Expediente de xeración de créditos 1/2005, por importe de 40.489,49 €.
3. Expediente de xeración de créditos 2/2005, por importe de 2.641,49 €.
4. Expediente de xeración de créditos 3/2005, por importe de 59.221,50 €.
5. Expediente de xeración de créditos 4/2005, por importe de 132.002,26 €.
6. Expediente de xeración de créditos 5/2005, por importe de 119.366,76 €.
7. Expediente de xeración de créditos 6/2005, por importe de 24.000,00 €.
8. Expediente de xeración de créditos 7/2005, por importe de 80.679,32 €.
9. Expediente de xeración de créditos 8/2005, por importe de 7.100,70 €.
10. Expediente de xeración de créditos 9/2005, por importe de 7.958,00 €.
11. Expediente de xeración de créditos 10/2005, por importe de 9.246,38 €.
12. Expediente de xeración de créditos 11/2005, por importe de 94.767,36 €.

4.- INSCRICIÓN NO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓNS DA DENOMINADA RIBEIRO FÚTBOL CLUB.

Polo Presidente dáse paso o Secretario para que proceda a lectura do ditame da Comisión Informativa de Servizos Sociais, que literalmente di:

“De seguido procédese á votación, quedando ditaminado favorablemente, por unanimidade dos membros da Comisión, o seguinte acordo: “Aprobación da inscrición no rexistro municipal de asociacións da entidade deportiva denominada Ribeiro Fútbol Club”.

Pola Presidencia pregúntase se existe algunha obxección que facer, o que se lle resposta que non.

Sen mais, procédese a votación resultando aprobado por unanimidade dos asistentes o seguinte acordo: **“ Aprobación da inscrición no rexistro municipal de Asociacións da entidade deportiva denominada Ribeiro Fútbol Club”.**

5.- MOCIÓN 8 DE MARZO DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES.

Polo Presidente dáse paso o Secretario para que proceda a lectura do ditame da Comisión Informativa de Cultura e Educación, que literalmente di:

“De seguido, procédese a votación quedando ditaminado favorablemente por unanimidade dos membros da Comisión o seguinte acordo:

Primeiro.- Reclamar á Xunta de Galiza a elaboración dunha Lei galega para o Fomento do Acceso das Mulleres ao Emprego Remunerado que conte coa participación de todos os axentes sociais e institucionais implicados e que incorpore medidas para favorecer o acceso das mulleres ao mundo do traballo en igualdade de condicións, liñas de actuación para detectar e eliminar as discriminacións directas e indirectas, así como, para abordar a problemática do acoso.

Segundo.- Promover dende o ámbito municipal campañas de sensibilización social que incidan na necesidade dun reparto equilibrado de funcións e tarefas no ámbito doméstico e na dignificación social do traballo realizado no ámbito familiar.

Terceiro.- Primar nas contratacións que realice o Concello a aquelas empresas que teñen unha presenza equilibrada entre os dous xéneros.

Cuarto.- Promover dende o Concello, en colaboración coas institucións educativas e coas ANPAS, a realización de actividades extraescolares nos centros educativos.”

Pola Presidencia pregúntase se existe algunha obxección que facer, o que se lle resposta que non.

Sen mais, procédese a votación resultando aprobado por unanimidade dos asistentes o seguinte acordo:

“Primeiro.- Reclamar á Xunta de Galiza a elaboración dunha Lei galega para o Fomento do Acceso das Mulleres ao Emprego Remunerado que conte coa participación de todos os axentes sociais e institucionais implicados e que incorpore medidas para favorecer o acceso das mulleres ao mundo do traballo en igualdade de condicións, liñas de actuación para detectar e eliminar as discriminacións directas e indirectas, así como, para abordar a problemática do acoso.

Segundo.- Promover dende o ámbito municipal campañas de sensibilización social que incidan na necesidade dun reparto equilibrado de funcións e tarefas no ámbito doméstico e na dignificación social do traballo realizado no ámbito familiar.

Terceiro.- Primar nas contratacións que realice o Concello a aquelas empresas que teñen unha presenza equilibrada entre os dous xéneros.

Cuarto.- Promover dende o Concello, en colaboración coas institucións educativas e coas ANPAS, a realización de actividades extraescolares nos centros educativos.”

6.- MOCIÓNS, ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.

Pola Presidencia pregúntase se existe algunha moción de urxencia, o que se lle resposta que non.

De seguido, o Presidente dá paso a quenda de rogos e preguntas.

Polo Portavoz do grupo municipal do P.P., don CELSO SOTELO BARROSO, fórmulanse os seguintes rogos e preguntas:

1.- Pregunta porque non se puxo “esquela” na prensa co motivo do falecemento dun extraballador do Concello.

O Presidente resposta que a “esquela” púxose na radio e mandouse unha coroa e un fax a familia, ademais cando se soubo que era tradición poñela xa non era posible facelo na prensa e por iso se puxo na radio.

2.- Pregunta en que situación se atopa o Convenio entre o Ministerio e a Consellería en relación co Plan Director do Castelo.

O Presidente resposta que xa se remitiu o anexo para acceder a subvención nominativa, e polo que se refire ao Convenio estase traballando para que saia adiante coa maior brevidade posible, sendo a última información que se pasou un borrador dende a Xunta para que o firme o Ministerio, existindo complicidade entre o Ministerio e a Consellería en relación a este tema.

3.- Roga se fagan as xestións oportunas e se saque adiante os asuntos que se defendían cando o grupo de goberno estaba na oposición, e se logre que a Xunta de Galiza inverta tanto ou mais que o Ministerio.

O Alcalde pon de manifesto que lograronse 200.000 € polo Ministerio e 150.000 pola Xunta e firmárase o Convenio.

4.- Pregunta se dentro do proxecto Equal Crea Futuro había un proxecto para a igualdade e oportunidades para as mulleres empresarias.

Polo Presidente se lle resposta que ese é o propio fin do Proxecto, no que existen dous millóns de euros e atópase en execución, comprendendo ademais un observatorio de emprego e outro tipo de accións relacionadas co obxecto do programa, entre elas estase traballando con empresas tutorizándoas e facendo un plan de empresas.

5.- Pregunta se a semana pasada cando estivo a Ministra de Agricultura nunha reunión cos agricultores na Casa da Cultura se lle comentou algo sobre a situación na que se atopan os agricultores do Ribeiro, e se lle pediu que medie para arranxar ditos problemas.

Pola Presidencia se lle resposta que a Ministra ten coñecemento da situación e sabe cales son as negociacións, e nas súas competencias está involucrada co sector, existindo reunións bilaterais entre a Ministra e o Conselleiro de Medio Rural neste ámbito.

Concluído o anterior, ás oito e trinta do serán, non sendo outro o obxecto da convocatoria, pola Presidencia rematouse a sesión no lugar e data ao principio sinalados, estendéndose a presente acta, de todo o que, como Secretario, dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

